

A LEALDADE REPUBLICANA. OS CARABINEIROS DE OURENSE* .

Julio Prada Rodríguez

Universidade de Vigo

Resumen:

En este artículo se estudia la actuación de los miembros del Cuerpo de Carabineros destinados en Ourense durante la sublevación militar de julio de 1936. Tras destacar el papel de su máximo responsable, el comandante Ayala Victoria, en la organización de la resistencia al golpe militar, se analiza la represión implementada contra sus integrantes. Finalmente se estudian el intento de las autoridades militares de debilitar su estructura e introducir elementos de control y vigilancia adicional y los numerosos conflictos con las autoridades locales y jefaturas de milicias.

Palabras-clave: Carabineros, represión, milicias, Falange, Ourense.

*Este artigo realizouse no marco do Proxecto de Investigación dirixido por J. de Juana *Sociedad, Ideología y Poder Político en la Galicia contemporánea*, Ministerio de Ciencia y Tecnología (2003-2006), Ref. BHA2003-07243.

Abstract

In this paper it studies the intervention of Carabineros posted in Ourense during the military rebellion on July 1936. After to emphasize the role of his maximum person in charge, the commander Ayala Victoria, in the organization of the resistance to the military coup, it analyzes the practised repression against theirs members. Finally, it examines the attempt of military authorities to debilitate its structures and to introduce elements of control and additional surveillance and the numerous conflicts with the local authorities and militia leaderships.

Key words: Carabineros, repression, milititas, Falange, Ourense.

Introducción.

O Real Corpo de Carabineiros de Costas e Fronteiras creouse por un Real Decreto de 9 de marzo de 1829 coa intención de loitar contra o incremento do contrabando rexistrado nas primeiras décadas do século XIX. Inicialmente organizouse en base a doce Comandancias principais -en consonancia coa división militar das provincias fronteirizas e marítimas-, subdividíndose en compañías, tenencias, subtenencias e brigadas. O novo corpo situouse baixo dependencia orgánica do Ministerio da Guerra, competente en todo o relativo ó servizo, haberes, gratificacións, foro militar, retiros e recompensas. En 1833 sufriu unha fonda transformación pasando a denominarse Carabineiros da Real Facenda e a depender da Dirección Xeral de Rendas Estancadas, co que perdeu a súa patente militar; só nove anos máis tarde, en 1842, reorganizárase outra volta como Carabineiros do Reino segundo o proxecto inicial, recuperando a súa organización militar, aínda que persistiron os problemas derivados do enfrontamento entre os seus mandos e os Intendentes de Facenda. Coa creación en 1852 do Corpo de Aduaneiros quedaron sen efecto as disposicións que autorizaban ós inspectores e administradores de aduanas a dispoñer da forza de Carabineiros, pasando estes a depender dos gobernadores civís en todo o referido ó seu especial cometido como forza armada de orde pública.

Por RD de 4 de xullo de 1924 asignouse ó Corpo de Carabineiros un xeneral de División co cargo de xeneral subdirector e dous xenerais de Brigada co cometido de xenerais Inspectores ás ordes do Director

Xeneral, incrementándose considerablemente os seus efectivos. Durante a II República os empregos máis baixos experimentaron unha crecente politización, identificándose na súa maioría co novo réxime; velaquí a descrición que desta etapa deixou Aguado Sánchez coa súa característica «imparcialidade»: (...) “la consistencia moral del Cuerpo se resquebraja considerablemente, muchos oficiales fueron exonerados de la noble emulación que les impulsaba a obrar como hombres de honor. Muy influidos los empleos modestos por los partidos de izquierda, se llegó a hacer «voluntaria» la suscripción del «Heraldo de Madrid», diario desvergonzado y antimilitarista, que cumplió su intención de observar los valores espirituales y la tradición de un cuerpo prácticamente centenario”¹.

1.- Os preliminares do golpe.

A segunda metade do ano 1935 principiou en Ourense cunha readaptación na estrutura de mandos da Comandancia de Carabineiros a raíz do traslado a Madrid do comandante Maximino Mata; o seu substituto foi o comandante Bernardo Rodríguez Ballesteros, que se posesionou do cargo a mediados do mes de xullo recentemente chegado de Barcelona. Daquela a xefatura das forzas de Carabineiros de Galicia correspondía ó coronel Joaquín Rodríguez Mantecón, que xa estivera destinado en Ourense como xefe da Comandancia². Con todo, non eran os cambios na cúpula do Instituto o que máis preocupaba daquela na capital, senón a anunciada supresión da Comandancia e a súa integración na de Zamora: dende o mes de outubro estábanse a realizar intensas xestións para paralizar esta decisión do Ministerio “no sólo por los servicios que le están encomendados y tan necesarios en esta provincia por ser frontera con 237 kilómetros, sino también por el número de modestas familias que se ven obligadas a desplazarse”. Mais ese mesmo ano tomouse a decisión de reducir as catorce Subinspeccións existentes no intre de se proclamar a República a dez zonas con vinte comandancias en lugar das trinta e dúas anteriores na que se pode considerar como organización final do Corpo.

¹AGUADO SÁNCHEZ, F., “Síntesis Histórica del Cuerpo de Carabineros”, en *Revista de Estudios Históricos de la Guardia Civil*, nº 11, 1973, p. 43.

²Cfr. *La Voz de Galicia*, 3-VII-1935, p. 8; 6-VII-1935, p. 9; 17-VII-1935, p. 8; 24-X-1935, p. 9.

Nin sería o último cambio de mandos nin a relativa calma política duraría en exceso. A convocatoria electoral, a celebración das eleccións e a posterior axitación durante a “primavera tráxica” coincidiu coa elevación á xefatura da Comandancia de Francisco Ayala Victoria, un entusiasta republicano que axiña se convertería no home de confianza do derradeiro gobernador republicano, Gonzalo Martín March, chegado á cidade das Burgas a mediados do mes de xuño. Daquela na gornición ourensá conspírase abertamente. Gran parte da oficialidade amósase partidaria dun golpe, gañada para a causa polo capitán José Navas Sanjuán, representante da Unión Militar Española (UME). Con todo non existe unha total unanimidade entre os seus simpatizantes. As súas follas clandestinas permiten albiscar claramente a división entre os partidarios dunha inmediata acción cirúrxica, os que aínda estaban dispostos a contemporizar por razóns de diversa índole e os que estaban a prol da legalidade republicana; seguramente non eran poucos os que aínda permanecían indecisos, pero de certo que ningún estaba disposto a dar parte da conxura nin a mover un dedo na defensa da legalidade vixente.

Neste contexto chegan á capital as primeiras novas do asasinato de Calvo Sotelo. Aínda resoaban nos templos as prédicas pola súa alma cando o comandante de Carabineiros entrou no despacho de Martín March anunciando que corrían rumores de que Valladolid viña de se sublevar e que as comunicacións coa veciña provincia de Zamora estaban cortadas. A seguir concentráronse no Goberno Civil algúns efectivos das forzas de orde pública e axentes de Vixilancia, pero axiña se puido comprobar que se trataba dunha falsa alarma. Non obstante o gobernador civil, aconsellado por Ayala, decidiu tomar unha serie de medidas para o caso de que tal eventualidade se chegase a producir. Probablemente sexa esta a dirección na que cómpre interpretar a visita realizada á zona oriental da provincia durante a cal, ó parecer, deu instrucións para a organización dunha serie de comités de defensa que debían ter todo disposto para preparar unha marcha sobre a capital no caso de que a gornición decidise secundar un novo pronunciamento³.

³ARRARÁS J., *Historia de la Cruzada*, Madrid, Ediciones Españolas, 1941, p. 87. M. Silva tamén recolle esta saída que cualifica de “viaje de propaganda (...) con objeto de preparar una marcha sobre Orense, de los elementos revolucionarios que vivían en el campo” (SILVA FERREIRO, M., *Galicia y el Movimiento Nacional. Páginas Históricas*, Santiago, Imprenta y Enc. del Seminario Conciliar, 1938, p. 280).

Malia os rumores, o certo é que as autoridades non foron máis aló de xenéricas recomendacións ós dirixentes políticos esquerdistas que a diario acudían a recibiren novas de que estivesen preparados e en estado de alerta; daquela aínda se mantiña unha tensa calma pero se confiaba cegamente no entusiasmo antifascista do pobo e no potencial da folga revolucionaria para frear calquera tentativa⁴. Con todo, o gobernador dispuxo o día dezasete a concentración en A Gudiña de vinte gardas civís ó mando do sarxento Ildefonso Catalina Camarero co encargo de manterse nesta situación á espera das súas ordes.

As xestións do xeneral Juan José García y Gómez Caminero, xefe da III Inspección do Exército, non conseguiron que a gornición ourensá se comprometese a non secundar a declaración do estado de guerra, aínda que de certo máis dun fixo por unhas horas menos estentóreo o seu compromiso. Ó caer a tarde do dezasete de xullo, un telegrama cifrado chegaba á Comandancia Militar informando, posiblemente, do pronunciamento en Marrocos. Seguidamente, os militares do acuartelamento aseguráronlle ó gobernador civil que non declararían pola súa conta o estado de guerra se as masas non tomaban as rúas e se mantiña a tranquilidade na poboación. A primeira orde que os Carabineiros dos diferentes postos fronteirizos recibiron foi organizar un servizo de vixilancia de estradas para deter ós xenerais José Sanjurjo e José de Calvalcanti, que se pensaba poderían tratar de cruzar a fronteira por terras ourensás.

Mentres no Goberno Civil se improvisaba apresuradamente un Comité de Defensa da República integrado polos máis destacados líderes esquerdistas, o gobernador e F. Ayala tentaban coordinar unha posible resistencia. As novas que chegaban doutras Divisións non eran precisamente tranquilizadoras, aínda que se pensaba que o Goberno sería quen de reconducir o golpe. Preocupaba especialmente a situación en Valladolid, capital da VII División Orgánica, polo efecto dominó que puidera provocar en Galicia unha eventual declaración do estado de guerra. Esa mesma noite o comandante de Carabineiros saíu en compañía do sarxento do mesmo Instituto Jesús Díaz Suárez e os números Juan Herrero Morales, José Rodríguez Ramón e Juan González Rodríguez a

⁴Compárense as evidentes similitudes deste modo de proceder co acontecido en terras aragonesas en CIFUENTES CHUECA, J. e M^a. P. MALUENDA PONS, *El asalto a la República. Los orígenes del franquismo en Zaragoza (1936-1939)*, Zaragoza, Institución Fernando el Católico, 1995, pp. 13 e ss.

dar instruccións ós postos de Celanova -onde non puido atopar ós tenentes da Garda Civil nin de Carabineiros, ordenando ó chofer da Comandancia Ángel Docampo de la Fuente dirixirse cara Entrimo e Ponte Barxas-, Xinzo de Limia, Verín, Feces de Abaixo, A Gudiña, A Mezquita e Cádavos, entrevistándose cos responsables de cada un deles.

Horas despois, o gobernador comunicaba ós alcaldes de A Mezquita, A Gudiña, A Rúa e O Barco que a tranquilidade era absoluta en toda a provincia e no resto do Estado, pero que debía manterse un servizo permanente nas alcaldías para cumprimentar de inmediato as ordes que se recibisen do Goberno Civil. Pasadas as tres recibíase un novo telegrama de Madrid no que se ordenaba taxativamente ós encargados deste servizo que se negasen a cumprir ningunha instrucción que puidese chegar de Valladolid. A gravidade da situación, confirmada por este telegrama e os incesantes rumores sobre as conversas que está a manter a oficialidade dos cuarteis, fan que Martín March pida a Ayala que dea ordes para que a totalidade das forzas de Carabineiros de Ourense se concentrasen para a defensa do Goberno Civil e trouxesen do cuartel cantas armas e municións tivesen dispoñibles.

De seguido comunicou con Ildfonso Catalina, ordenándolle que transmitise ó alcalde de A Gudiña, Felicísimo Pérez Ortega, e ó comandante do posto da Garda Civil desta localidade instruccións taxativas no senso de que os gardas deberían permitir que os obreiros e as organizacións da Fronte Popular se armasen con todos os medios dos que dispuxesen, requisasen vehículos e cortasen a estrada para evitar que forzas militares procedentes de Zamora puidesen penetrar en territorio ourensán. Tamén se lle indicaba ó alcalde que debía mandar aviso ós obreiros da localidade zamorana de Requejo para que se preparasen para reforzar unha columna que pensaba organizar para converxer sobre esta capital castelá. Finalmente pedíalle que contactase coas aldeas das proximidades para que todos os obreiros se concentrasen na estrada e impedisen o paso dos sediciosos, “abriendo zanjas a fin de evitar corrimientos núcleo faccioso”⁵. Non é tampouco descartable que, naqueles intreos, Martín March desexase evitar que unha hipotética «marcha revolucionaria» dos obreiros sobre Verín ou Ourense proporcionase a escusa para que os militares saísen á rúa; o anuncio da organización desa columna podería ser unha manobra para mantelos á expectativa e impedir posibles desmandos, aínda que, pensamos, o decisivo foi a percepción que se tiña dende Gobernación do que estaba a acontecer ó outro lado do Padornelo.

⁵Archivo General Militar de Ourense (AGMO), causa 428/1936, fols. 14, 21 e 38 e causa 1.387/1937, fol. 368a.

A primeiras horas da mañá do día vinte nin os máis optimistas confiaban xa en que en A Coruña non se declarase o estado de guerra. Martín March decidiu enviar a Ayala para que sondase directamente ós principais mandos sobre cal sería a súa actitude no caso de se confirmar o golpe na cidade herculina. O máximo responsable dos Carabineiros tentou transmitirilles unha imaxe calculadamente ambigua, se cadra non tanto para tentar cubrir as súas costas no caso de que o golpe triunfase como para non espertar as súas sospeitas, pois non é posible dubidar nin por un momento do seu compromiso coa República ata despois de proclamado o estado de guerra. De feito, segundo a declaración do conductor do vehículo que o trasladou ós diferentes postos na noite do dezaioito ó dezanove, cando se aproximaban á capital xa de regreso, manifestara que no caso de que xa se tivese producido tal declaración darían a volta “(...) y yo organizaré a mis Carabineros, que como son conocedores del terreno, en guerrillas darán que hacer a los militares”. O primeiro ó que visitou no seu propio domicilio foi ó comandante militar, Luis Soto Rodríguez, a quen preguntou se recibira ordes para declarar o estado de guerra, ofrecéndoselle “entonces incondicionalmente, si bien aun cuando él lo negó, no me cupo la menor duda que venía comisionado por el Gobernador Civil para tantearme”⁶. Seguidamente interrogou a J. Ceano Vivas, o comandante do batallón de Infantería, sobre cal sería a actitude dos mandos diante do levantamento se recibían orde de declarar o estado de guerra, obtendo por toda resposta que non se declararían unilateralmente ata tanto non se recibisen ordes directas de A Coruña, intre no que se faría de xeito inmediato en cumprimento dunha orde superior.

Ayala aludiu daquela ó perigo que representaban unhas masas decididas a defender as súas conquistas, á dinamita dos obreiros e a posibilidade de que fosen armados; Ceano respondeulle taxativamente que ó menor síntoma de resistencia ordenaría canonear o Goberno Civil. Seguidamente o capitán de Infantería Enrique Alonso Cuevillas Crespo manifestoulle que “el llamamiento de la patria” a todos os que vestían uniforme xa se producira, intre no que o responsable dos Carabineiros aseguroulle que en caso de se producir a declaración do estado de guerra non se oporía coas súas tropas ó Exército; segundo o capitán, Ayala desistiu da súa verdadeira misión cando comprobou que a decisión estaba xa tomada por

⁶Oficio nº 17 remitido por L. Soto ó xuíz instructor R. Ulloa o 31 de decembro de 1936 (AGMO, causa 122/1936, vol. II, fol. s/nº).

todos os oficiais e nada faría con opoñerse a estes. Posteriormente, segundo o tamén capitán de Infantería José Portabales Rodríguez, Ayala foi invitado por Ceano a unha xuntanza co comandante militar e os xefes da Garda Civil e de Asalto, na que, despois de comprobar que só se atopaban á espera das instrucións da VIII División, lle dixo ó responsable do Batallón: “Ceano, no tengo aquí más que ocho hombres, pero si tuviera ocho mil igualmente los pondría a tu disposición”⁷.

J. Ceano, que oficialmente sempre se negou a admitir as dúbidas de Soto, teríase trasladado ó cuartel da Garda Civil acompañado de Ayala para que fose Martín Hijas quen asumise a dirección do golpe -ou para coordinar este segundo a versión oficial-, pero este tamén se negou aducindo o risco que supuña tomar esta decisión sen coñecer a actitude das restantes gornicións de Galicia. O seu carácter irresoluto e o feito de que só levase en Ourense uns meses deberon de pesar nesta indecisión. Daquela o comandante militar, que posiblemente non quería arriscar máis do necesario ata ter plena confirmación de que todo o operativo na División estaba xa en marcha, tería recibido un segundo ultimato, presentándose daquela na Comandancia onde continuaron as discusións entre os oficiais sen que se tomase ningunha decisión concreta ata que se conseguiu contactar con Vigo; axiña se tivo confirmación de que as tropas saíran á rúa na cidade olívica púxose en marcha o operativo de xeito definitivo. A versión oficial e a maioría dos testemuños insisten, pola contra, en que o comandante militar estaba á espera de recibir confirmación telegráfica de A Coruña para declarar o estado de guerra e que, recibida esta, foi cando os mecanismos do golpe botaron a andar.

2.- Os Carabineiros e a frustrada resistencia.

O comandante F. Ayala regresou apresuradamente do Cuartel para informar a Martín March de que xa se acordara proclamar o estado de guerra, ordenando que as forzas que custodiaban o edificio pechasen as portas e impedisen por todos os medios a entrada dos sublevados. Na rúa a folga vaise estendendo e circula unha garda de obreiros que teñen a consigna de que no momento preciso deben acudir ó Goberno para impedir a sublevación. Todo foi inútil: o comandante e xuíz instructor de causas Antonio Casar Olvarrieta, axudado por varios capitáns, consegue impoñerse sobre os escasos efectivos que permanecían no interior do Goberno; Martín March, Ayala e uns poucos fieis quedan illados agardando a chegada dos principais mandos que axiña proceden á declaración do estado de guerra.

⁷AGMO, causa 122/1936, vol. II, fols. 132 e 185v.

A capital perdeuse sen efusión de sangue e sen que houbera que rexistrar enfrontamentos significativos. Pero na zona oriental da provincia os comités da Fronte Popular e os carabineiros instruídos por Ayala tentaron organizar unha desesperada resistencia. Como vimos, en A Gudiña e A Mezquita cumpríronse fielmente as instrucións relativas á vixilancia de estradas xa comentadas e durante o día dezaioito a tranquilidade foi a nota dominante. Na xornada seguinte os acontecementos precipítanse: cumprindo instrucións do Goberno Civil realízanse as primeiras requisas de armas e algunhas delas son distribuídas entre os obreiros; asemade, transmitíronse instrucións para que se concentrasen en A Mezquita os carabineiros do posto de Cádavos, mentres os catro homes que compuñan a dotación de A Mezquita debían facelo en A Gudiña. A primeiras horas da mañá a chegada de Ayala Victoria foi saudada con entusiasmo por obreiros e carabineiros, os cales “se mostraron francamente optimistas, diciendo que se les había prometido que se les mandarían armas de Orense, y que también vendrían personas para ponerse al frente de los mismos”.

A seguir declárase a folga xeral e os carabineiros reparten entre os membros dos Comités destas dúas localidades as escasas armas sobran-tes de que dispoñen, asumindo, asemade, a responsabilidade de axudar a organizalos e distribuílos en camionetas coas que saíron cara diferentes puntos para realizaren requisas. Igualmente en Barxa e Tameirón os cabos responsables de ambos os dous postos “el día diez y ocho por la tarde y el diecinueve se dedicaron [personalmente] a recoger las armas que tenían los elementos de derechas y entregarlas a los de izquierdas”. Tamén foron detidos e rexistrados cantos vehículos circulaban polas estradas, entre eles o do bispo de Madrid-Alcalá, “y no obstante acreditar éste su personalidad dichos Carabineros le hicieron bajar del coche registrándoselo mientras que a los coches que pasaban y mostraban carnet de las Sociedades Obreras les dejaban pasar sin detenerlos siquiera y que tal fué (sic) la actitud de los Carabineros con el expresado Obispo que éste les llamó burros y mal-educados”⁸.

O día vinte continuaron as requisas, mais foi o dinamitado das pontes de San Lourenzo (A Gudiña) e Os Arandos (A Mezquita) o máis salientable da xornada. A orde foi dada telegraficamente por Martín March durante a madrugada co obxecto de impedir a chegada a Ourense das tropas sublevadas en Zamora, empregando a dinamita incautada nas polvoreiras dos

⁸AGMO, causas 122/1936, vol. II, fols. 119a, 74a; 1.094/1936; e 1.105/1936.

contratistas das obras do ferrocarril. Segundo diferentes testemuñas non só estaban presentes os carabineiros mentres se efectuaban estas operacións, senón que tamén había efectivos da Garda Civil, pero na tramitación das diferentes causas en ningún momento se solicitaron dende Ourense declaracións que puidesen implicar a membros deste Instituto armado.

Durante os días vinteún e vintedous o entusiasmo antifascista mantense nos leais á República, mais a ninguén se lle oculta a gravidade da situación e xa son perceptibles as primeiras fendas. Nesa última xornada un grupo de obreiros dirixido polo alcalde de A Gudiña presentouse no posto de Carabineiros de Barxa (A Gudiña) esixindo a entrega das armas sobrantes. Sen embargo, o cabo responsable do posto, Antonio Mourillo Domínguez, negouse a llelas entregar e daquela o grupo se retirou pacificamente anunciando que regresarían ó día seguinte. De facer caso ós testemuños dos responsables dos postos de Tameirón (A Gudiña) e Castromil (A Mezquita) esta escena se tería repetido en ambos os dous, pero mentres os de Barxa continuaron prestando servizo no seu posto estes últimos os abandonaron por temor ós obreiros. En realidade, o cabo de Tameirón, Ángel Rivero, a primeiras horas da mañá do día vintetrés, acompañou en persoa a un grupo de obreiros que actuaba por ordes directas do *comité* de Vilavella a practicar as requisas. O grupo conseguiu incautarse dunhas trece escopetas nesta pequena aldea; as armas quedaron depositadas na casa do mencionado cabo coa intención de seren enviadas a A Mezquita nunha camioneta que debía chegar de O Canizo, cousa que non puideron facer ó ter coñecemento de que se aproximaban as tropas procedentes de Ourense⁹.

En efecto, na tarde anterior saíra da capital unha columna militar reforzada con gardas civís, de Asalto e milicianos armados ó mando do capitán da Garda Civil Juan Ros Hernández. Con eles viaxaba o comandante Ayala Victoria en calidade de refén e co encargo expreso de ser inmediatamente fusilado no caso de que os carabineiros ó seu mando non secundasen o golpe. En Xinzo de Limia a concentración dos efectivos deste Instituto ó mando do tenente Aquilino López Deus producírase sen incidentes, agás no caso dos números destinados nos postos de Randín e Calvos, encabezados, respectivamente, polos cabos José Gómez Pomedá e José Graña Puente; aínda así, o seu superior defenderíaos en todo momento argumentando na

⁹Vid. AGMO, causa 319/1937.

investigación aberta para depurar a súa actuación que se non o fixeron foi por non ter recibido o correspondente aviso. En Verín, pola contra, o capitán Ignacio Martín Esperanza Albareda estivo a piques de ser fusilado no mesmo momento da chegada da columna por terse negado a cumprir en dúas ocasións a orde do comandante militar da provincia de proceder á detención dos esquerdistas máis significados e declarar o estado de guerra; só o feito de que se puxera incondicionalmente ás ordes de Ros, a actitude contemporizadora deste e o desexo de evitar un enfrontamento entre membros dos diferentes Institutos armados permitiu reconducir a situación.

Despois de facer noite na capital do Támea as tropas saíron moi cedo en dirección a A Gudiña, atopando a estrada cortada a uns 14 kms. desta localidade á altura da ponte de San Lourenzo. Cando procedían a unha reparación de urxencia, imprescindible para poder continuar á marcha, foron tiroteados dende os altos producíndose un enfrontamento no que resultaron seis esquerdistas mortos e varios feridos. A mediodía chegaron á vila, observando que “el pueblo estaba completamente desierto, viéndose en la casa-Cuartel de Carabineros, que estaba herméticamente cerrada, grandes banderas blancas, lo que (...) hace suponer que tenían conocimiento de la llegada de la columna (...)”. En efecto, a súa chegada coñecía-se dende horas antes gracias a un telegrama recibido esa mesma mañá. Daquela, o sarxento Esteban Gómez Santos abandonou o posto en compañía dos dous números que o integraban e da práctica totalidade dos obreiros armados que participaran nas requisas, dirixíndose a A Mezquita e posteriormente a Vilavella unha vez que recolleu ós cinco membros daquel posto.

Daquela a columna divídese en tres: unha permanecerá en A Gudiña realizando operacións de limpeza ó mando de Ros, localidade na que tamén permanece F. Ayala. Unha segunda columna avanza cara Viana do Bolo e a terceira, mandada polo alférez da Garda Civil Francisco Piñel Estévez, responsable do posto de Xinzo de Limia, faino en dirección a Zamora coa misión de “ponerse en contacto con los puestos de Carabineros de la Frontera, que se sabía estaban en una situación equívoca”. Piñel+ dispuxo que os carabineiros se adiantasen nun camión mentres el os seguía noutro vehículo cos gardas civís a uns catrocentos metros “a fin de que si sobrevenía algún encuentro, los Carabineros viesen que también iban compañeros suyos”. Cando o primeiro dos camións dobraba unha curva que daba entrada

¹⁰As comiñas anteriores en AGMO, causa 122/1936, vol. I, fols. 2v-3 e vol. II, fols. 156v.

á ponte dos Arandos, como sinalamos tamén dinamitada, foi sorprendida por uns paisanos que dispararon sobre eles, conseguindo fuxir nunha camioneta incautada horas antes. Reagrupadas as forzas se realiza unha rápida exploración polos montes dos arredores sen resultado, polo que a columna continúa a súa marcha cara as aldeas de o Pereiro, A Mezquita e Cádavos. As tropas non atopan resistencia algunha nas dúas primeiras localidades, pero nas proximidades de Cádavos son informados por uns paisanos de que a camioneta que perseguían, reforzada con carabineiros leais á República, se dirixía cara eles, “en vista de lo cual ordenó a la fuerza echar pié a tierra”. Segundo Piñel, os cinco paisanos e sete carabineiros tentaron rodealos en actitude ameazante coas súas armas, e “tanto por evitar en lo posible el hacer víctimas o el sufrirlas, como porque en realidad no tenía plena confianza en la fuerza de carabineros que constituía su retaguardia, intentó separar paisanos y Carabineros, engañándoles y diciéndoles que todos querían lo mismo, esto es, defender al gobierno constituido, y merced a este engaño consiguió su dicha pretensión de separarlos, en cuyo momento ordenó a los Guardias hiciesen frente a los paisanos, lo cual efectuaron deteniéndolos a todos”.

De novo en A Mezquita, Piñel é informado de que os carabineiros deste posto e os de A Gudiña dirixense ó seu encontro. Daquela envía a un garda civil acompañado de varios números para que lles “convenciesen de la inutilidad de ofrecer resistencia, tomando no obstante las precauciones consiguientes para evitar una sorpresa, pues (...) venía de Villavieja o por lo menos de aquella dirección y allí estaba el cuartel general de los revoltosos obreros”. O parte de operacións de J. Ros sinala que sumáronse á súa columna “con entera lealtad así como a la causa del movimiento revolucionario del ejército, abrazando a la fuerza y demostrando también su contento por haberles sacado del engaño en que se encontraban manifestando que se habían unido a los paisanos por tener orden superior para ello”. Malia as evidentes intencións de protexelos que se desprenden dos seus primeiros comunicados oficiais, acabaría por recoñecer a súa equívoca actitude, malia o que non se procedeu ó seu desarme e detención “por la situación crítica que se pudiese crear de momento entre los demás compañeros que formaban parte de la columna un estado de ánimo y originar algún acto que dividiera en dos bandos a la totalidad de la fuerza y acarrear gravísimas consecuencias para sofocar cualquier acto de desafección que por este motivo pudiera surgir y además por no aminorar con este obstáculo la

moral del resto de la fuerza de la columna que ignoraba lo sucedido; no obstante se acordó dejarla en distinto puesto sometidos a una discreta vigilancia (...)”¹⁰.

Rematadas todas estas operacións, e por razóns non demasiado claras, as tropas regresan cara A Gudiña cos efectivos de Carabineiros do posto de Cádavos en lugar de avanzar sobre Vilavella, onde estaban refuxiados os principais dirixentes obreiros, permitindo a fuxida destes. Tampouco resulta doado explicar porqué non tentaron proceder a detención do xeneral Juan José García y Gómez Caminero que, segundo as informacións que se lle proporcionaron a J. Ros en A Mezquita, se atopaba en Lubián ou en Requejo, localidades situadas xa dentro da provincia de Zamora pero a moi escasa distancia daquela. Segundo o capitán carecía de ordes específicas nese sentido, xa era de noite cando chegaron a Cádavos e consideraba necesaria a protección dunha sección de armas automáticas da que carecía¹¹. Unha vez que todos os efectivos están de volta, a columna regresa a Verín sobre as vintetrés horas, non sen antes reforzar Ros os postos de Viana e A Gudiña -especialmente este último- cun forte destacamento e a misión explícita de manter a orde e asegurar, se fose preciso, o paso de columnas militares.

O vintecatro de xullo ordenárase oficialmente a concentración en A Gudiña da totalidade dos postos da 4ª Sección da 2ª Compañía, sen que a verificasen os carabineiros dos postos de Tameirón e Castromil. Daquela os xefes e oficiais da mesma e o propio capitán da Compañía realizan numerosas xestións para estableceren o seu paradiro, resultando completamente infructuosas. Os seus respectivos responsables, os cabos Ángel Redondo Rivero e Bienvenido Carnero Pueyo, artellaron un inverosímil relato segundo o que, en esencia, andiveran errantes pola fronteira -o primeiro mesmo di que se internou en Portugal- “por temor a encontrarse con los obreros, dada la inferioridad de fuerza y de elementos de los que disponía, en comparación de los que ellos contaban”.

A realidade debeu ser ben diferente: cunha implicación tan directa nas requisas, ó non cruzarse coa columna de Ros e, seguramente, confiadados no rápido fracaso do golpe, seguiron fielmente as instrucións de Ayala; os primeiros días, gracias ó sustento material de varios veciños que lles levaban a comida ó monte, pasáronos procurando noticias entre ducias de

¹⁰As comiñas anteriores en AGMO, causa 122/1936, vol. I, fols. 2v-3 e vol. II, fols. 156v.

¹¹Vid. AGMO, causa 1.387/1937, fols. 211a e 231v.

persoas que se estaban a mover a un e a outro lado da raia fronteiriza, sendo perfectamente conscientes da situación en que se atopaban a medida que pasaba o tempo e permanecían sen facer a súa presentación. Esta non se verificará ata o día once de agosto, un día despois de que recibisen unha orde “en el sentido de que los destacamentos que no se habían juntado con las fuerzas adheridas al movimiento y que no hubieran hecho armas contra ellas, se presentasen en el plazo más corto a partir de su fecha, quedando exentos de responsabilidad”¹². Pouco despois eran trasladados a Ourense a disposición do comandante militar. Non tardarían en comezar as dilixencias para depurar a responsabilidade de todos eles.

3.- O proceso ós carabineiros de Ourense.

Para delimitar máis claramente as responsabilidades dos carabineiros da provincia de Ourense instruíuse un proceso separado dos elementos civís que acabou por sobreporse a unha causa xeral incoada no ámbito de toda a VIII División para depurar a conducta dos “Jefes, Oficiales, clase e individuos sin graduación del Instituto de Carabineros que con ocasión del glorioso movimiento contra-revolucionario del Ejército español fué a él contraria con pasividad maliciosa o criminal actividad, salvo honrosas y por ello más beneméritas excepciones”. A esta causa asignouse o número 516/1936, sendo o seu instructor o comandante Martínez Nieto, encargado de centralizar todas as actuacións en A Coruña mentres os carabineiros implicados eran trasladados á prisión militar de O Ferrol. Para a súa tramitación se seguiron unhas complicadas directrices que trataremos de sintetizar en base ó dictame do auditor de guerra de 18 de agosto dese ano no que se contiña o máis substancial das mesmas:

1º.- Formar unha peza xeral da causa na que o instructor elaboraría un listado dos carabineiros adscritos a VIII División, separados por comandancias e agrupados en tres niveis:

- a) Os que prestaban servicio activo os días 19 a 21 de xullo.
- b) Os que, unha vez pacificada a zona na que estaban destinados, continuaron de servicio secundando as ordes dos sublevados.
- c) Os que se atopaban suxeitos a procedementos xudiciais diferentes do que se estaba a incoar.

2º.- Da peza xeral debían separarse tantas pezas como localidades ou prazas

¹²AGMO, causa 122/1936, vol. II, fol. 99a.

nas que se tivese noticias de que un carabineiro cometera algún acto «delictuoso»

3º.- No suposto de que xa se estivese instruindo unha causa contra individuos do citado corpo, o instructor da peza xeral debía solicitar do xulgado militar de zona testemuño do auto de procesamento ou, no seu caso, da sentenza, que se unirían á peza separada correspondente

4º.- Outras cuestións de procedemento:

a) Os xuíces de cada praza próxima ó lugar dos feitos debían asumir un papel protagonista nestas pezas separadas para evitar desprazamentos do instructor da causa xeral.

b) Os interrogatorios ás diferentes testemuñas debían centrarse naqueles feitos relacionados coa perpetración dos delitos de traizón, rebelión, deserción, negligencia, abandono de servico e contra a honra militar, eludindo feitos e comportamentos anteriores ó 18 de xullo -o que contrastaba co que estaba a ser a norma xeral no caso de paisanos-, e toda a instrucción debía ordenarse á determinación destes delitos concretos e dos responsables da súa comisión.

c) Agás por motivos excepcionais, o proceso non debía deterse, debendo resolverse rapidamente as dúbidas que xurdisen na súa tramitación.

No que atinxe ós carabineiros de Ourense as actuacións concentráronse na depuración da conducta observada polos destinados nos distintos postos encadrados nos concellos de A Gudiña e A Mezquita. A relación destes é a que segue:

RELACIÓN DE CARABINEIROS DOS DIFERENTES POSTOS DOS CONCELLOS DE A GUDIÑA E A MEZQUITA	
<p>Posto de A Gudiña Sarxento: Esteban Gómez Santos Carabineiro: José Galán Jiménez Carabineiro: Tomás Mayo Polo</p>	<p>Posto de A Mezquita Carabineiro: Bernardino Guerra Fuentes Carabineiro: Manuel Rivela Martínez Carabineiro: Secundino Díez Sanfrutos Carabineiro: Juan Doval Gallego</p>
<p>Posto de Barxa Cabo: Antonio Mourillo Domínguez Carabineiro: Manuel Pérez Rodríguez Carabineiro: José Pérez Rodríguez Carabineiro: José Vieito Rodríguez Carabineiro: Domingo López Barazal</p>	<p>Posto de Tameirón Cabo: Ángel Redondo Rivero Carabineiro: Carlos de Oña Rodríguez Carabineiro: Ángel Pérez Fernández Carabineiro: Ladislao Gómez Horcajuelo Carabineiro: Manuel Fernández Curto</p>
<p>Posto de Castromil Cabo: Bienvenido Carnero Pueyo Carabineiro: Manuel Fadón Tejedor Carabineiro: José del Río González Carabineiro: Pablo de Blas Zayas Carabineiro: Ángel Vega Gutiérrez Carabineiro: Ramón del Río González</p>	<p>Posto de Cádavos Sarxento: Juan Meilán Castro Carabineiro: Victoriano Alonso González Carabineiro: Isidro Sánchez Garrido Carabineiro: Casiano Martínez Barja Carabineiro: Manuel Fernández Curto. Carabineiro: Jesús Asenjo García</p>

Unha vez que dimos conta detallada dos feitos en que se viron envoltos F. Ayala e os carabineiros destes postos, convén agora sintetizar os fundamentos do auto de procesamento decretado o 4 de xaneiro de 1937 na cidade de O Ferrol. Respecto a Ayala, o devandito auto cualificábao de “amigo y asiduo visitante del [gobernador civil] (...) al igual que lo fué (sic) del que le precedió en su desempeño durante el mando del llamado Frente Popular”, salientando a viaxe que fixo na noite do dezaioito ó dezanove de xullo ós diferentes postos da provincia, a súa intervención diante dos principais implicados no golpe por orde de Martín March o día vinte nos termos relatados ó estudar a toma do poder polos sublevados e a súa actuación “una vez la ley marcial fué proclamada, al lado de las Autoridades por virtud de tal proclamación convertidas en únicas legítimas (...) habiendo dicho Señor Comandante durante todo el trayecto recorrido por la columna hasta Gudiña de donde tal Jefe no pasó, arengando a los Carabineros para que depusieran su actitud y colaborasen al movimiento nacional”.

Con relación ós carabineiros do posto de A Gudiña, destácanse as súas “ideas marcadamente extremistas”, a celebración que fixeron nun café da localidade do triunfo das esquerdas en febreiro de 1936 e do asasinato de Calvo Sotelo -o que, como vemos, implicaba entrar en valoracións anteriores á proclamación do estado de guerra malia as instrucións existentes ó respecto- e a colaboración nas requisas e na entrega de armas ós obreiros. Sobre os do posto de A Mezquita -en particular sobre o preferente B. Guerra Fuentes, declarado rebelde e exiliado en América¹³ -, ademais do consabido «extremismo» que lles fixo “con anterioridad al movimiento nacional acompañarse y relacionarse con elementos de tal significación” e de facer causa común cos obreiros, pesaba a acusación de acompañar ós de A Gudiña cando xa tiñan confirmación da declaración do estado de guerra e do avance da columna de Ros a Vilavella. Idénticas consideracións facíanse sobre os de Cádavos, agás no relativo a este último extremo xa que, como dixemos, estes viaxaban cos paisanos armados na camioneta que detivo Piñel. Respecto ós dos postos de Tameirón e Castromil reproducíanse os mesmos considerandos en canto a antecedentes e actuación, co engadido de que en lugar de se sumar á columna de Ros fuxiron ó monte negándose a regresar ata pasados máis de dous meses, malia os avisos que neste sentido se lles deron. Finalmente, o instructor non atopaba indicios delictuosos no comportamento dos carabineiros de Barxa, salientando pola contra,

¹³Atopamos unha referencia súa nun informe remitido dende Ourense á Comisaría Xeral de Investigación Social encargada das repatriacións de exiliados con data de 1 de decembro de 1965 no que figuraba que daquela se atopaba en Chile rexentando unha tenda de ultramarinos e solicitaba permiso para vir a España (ACO, expediente 95.004).

como se incorporaron ás columnas nacionais axiña tiveron noticia da súa presenza na zona, sen facer referencia algunha ós do posto de AEsculqueira, que en ningún momento aparecen mencionados na causa por parte do instructor.

Sen entrar en detalles dos numerosísimos informes que figuran na causa, si interesa salientar como estes se van agravando a medida que pasan os meses. En efecto, nos primeiros partes e informes sublíñase, sobre todo, a entusiasta cooperación prestada polos carabineiros ás forzas do Exército unha vez que toman contacto con estas. Recoñécese, como non podía ser doutro xeito, a equívoca actitude que mantiveron, pero existe a tendencia nalgúns mandos -velaí o xa referido parte de J. Ros do día vinte e catro- en «desculpar» esta aludindo ó descoñecemento da situación e do significado do movemento ou á irresistible presión das masas que os deixaba sen máis opción que a de secundalos.

Cando o golpe se converte en guerra civil e avanza a instrucción da causa os informes comezan a facer referencia á súa actuación extremista anterior á sublevación e ás relacións que mantiñan con coñecidos dirixentes frontepopulistas, en especial co tenente coronel de Carabineiros retirado Fructuoso Manrique, a quen se lle atribuíu unha notable influencia entre os membros do Instituto nestas terras, entre outras cousas polas xestións que realizara para mantelos alí destinados malia ser algúns deles naturais de aldeas próximas; ademais, o que era entusiasta, rápida e espontánea adhesión unha vez sacados do erro en que se atopaban, se transforma en negativa a adherirse “al movimiento nacional (...) hasta tanto no llegaron las fuerzas que componían una columna, los que al ver que serían fusilados sino se entregaban, lo hicieron sin oponer resistencia”. De feito é moi significativo que no mes de setembro o auditor de guerra recomendase e o xeneral responsable da VIII División aprobase o sobresemento provisorio das actuacións que se seguían contra F. Ayala por estimar que, malia a súa ideoloxía, se sumara ás forzas nacionais coas que cooperara de xeito activo.

As cousas mudarían substancialmente nos meses seguintes como revela a dureza das sancións: foron impostas oito penas de morte ós carabineiros Juan Meilán Castro, Isidro Sánchez Garrido, Casiano Martínez Barja, Jesús Asenjo García -e dicir, todos os do posto de Cádavos agás, Victoriano Alonso-, Esteban Gómez Santos, José Galán Jiménez -ambos os dous de A Gudiña-, Tomás Mayo Polo -A Mezquita- e, por suposto, Federico Ayala Victoria. A execución dos mesmos tivo lugar en O Ferrol o día dezasete de abril de 1937. Ademais, o cabo de Tameirón, Ángel Redondo Rivero, foi condenado a reclusión perpetua e impuxéronse numerosas penas de cárcere.

4.- Epílogo.

O Exército foi durante todo o período bélico o apoio máis sólido e monolítico co que puido contar o réxime. Ourense non foi neste punto unha excepción e, deixando de lado a destitución da máxima autoridade da provincia por ordenar o asasinato dun lexionario, non transcendeu publicamente ningunha discrepancia. Nin sequera cando en xullo de 1939 Franco dispuxo por decreto a incorporación das Forzas Armadas a FET y de las JONS, o que a bo seguro non debeu de ser recibido con plena simpatía polos militares de tradición monárquica residentes na provincia. A excepción foi o corpo de Carabineiros, profusamente depurado, executados os seus membros que máis se distinguiran polo seu compromiso republicano e sometidos a estreita vixilancia os que conseguiron evitar a cadea.

Ademais, unha vez consolidada a sublevación, as autoridades militares da provincia tentaron debilitar a súa estrutura e introducir elementos de control e vixilancia adicional sobre os números que continuaron a desempeñar os seus servicios nos diferentes postos fronteirizos. A estratexia consistiu en ordenar que milicianos falanxistas e requetés presertasen servicio a carón deles co pretexto da necesidade de incrementar o coidado da fronteira, o que ía en contra das atribucións que a este corpo reservaban en exclusiva os diferentes regulamentos vixentes. O encargado de organizar o servicio foi o capitán de Infantería José Rodríguez Reigada, obedecendo ordes directas de Soto, quen o nomeou Inspector de Fronteiras con atribucións sobre toda a provincia; o gobernador militar nin sequera consultou ó tenente coronel xefe da Comandancia de Carabineiros de Zamora-Ourense, que só foi informado tempo despois sen que fixese valer obxección algunha. O mencionado capitán realizou unha distribución nos diferentes postos da provincia que, cando menos nos casos dos que temos datos sobre o particular, concentrados na zona fronteiriza de Bande, fixaba un equilibrio case perfecto entre milicianos e carabineiros: no caso de Lobeira, por exemplo, destináronse seis milicianos e cinco carabineiros ó mando dun brigada. Na maioría dos casos procurouse que os milicianos non fosen naturais da zona sometida á súa vixilancia, trasladando efectivos doutros lugares máis afastados para evitar o perigo dos intereses creados en zonas tradicionalmente dedicadas ó contrabando. Non obstante, todo semella indicar

que esta precaución estivo tamén moi condicionada polas dispoñibilidades de homes dispostos a trasladarse dos seus lugares de residencia a cambio dun xornal diario que nas súas aldeas tamén podían procurar mediante a prestación doutros servicios.

Ramón Díaz Guevara, nomeado máis tarde comandante en xefe de Carabineiros na provincia, describe moi ben a situación en que atopou a estas forzas ó facerse cargo do seu mando cando afirma que “las encontró abatidas por los acontecimientos ocurridos en los primeros momentos del Glorioso Movimiento Nacional (...) Que todos sus esfuerzos los dedicó a levantar el ánimo decaído de las mismas, primero con órdenes y después con conferencias en los puestos que sucesivamente iba visitando”. As súas primeiras medidas tentaron evitar que as diferentes autoridades, non só os mandos militares propiamente ditos, senón tamén outros corpos agora militarizados, puidesen intervir en cuestións de servicio tradicionalmente reservadas ós responsables do corpo que a peculiar conxuntura bélica fixera campo de intereses cruzados. Velaí os casos en que os Carabineiros tiveron que soportar a intromisión de axentes de Investigación e Vixilancia malia o taxativo que resultaba o art. 61,3º do Regulamento de Contrabando e defraudación relativo ós casos e a forma na que as diferentes autoridades civís e militares debían perseguir e coadxuvar ó descubrimento do tráfico ilícito de mercadorías e da defraudación, e, sobre todo, a R.O. de 30 de setembro de 1922 que preceptuaba que eran as forzas de Carabineiros as chamadas en primeiro lugar a perseguir e a aprehender os xéneros de ilícito comercio, debendo absterse as restantes en efectuar tales servicios alí onde estas estaban presentes¹⁴.

Moito máis grave foi a intromisión dos responsables provinciais e locais de Falanxe e mesmo dos poderes locais dos concellos fronteirizos. Como a fixación xenérica dos servicios encomendados ós milicianos correspondía, en última instancia, ó Inspector-xefe provincial, que adoitaba delegar nas diferentes xefaturas locais, tentou en primeira instancia situar ós milicianos que prestaban servicio de fronteira baixo o seu control directo por medio dos diferentes comandantes de posto. Os intereses creados impediron que a proposta tomase «estado legal» diante da inhihición de Soto, que “previa consulta con el Secretario resultó que no tenían antecedentes, porque todo se había hecho verbalmente”.

Cando o tenente coronel da Garda Civil Enrique Cotter Chacel foi nomeado Delegado de Orde Público e Inspector de Fronteiras, Díaz Guevara tentou novamente

¹⁴Vid., p. ex., AGMO, dilixencias previas 223/1937 das que se desprende o escaso interese dos mandos militares e dos propios auditores en cortar estas intromisións: a información instruída en contra duns axentes que se incautan dunhas mercadorías de contrabando en presencia dun carabineiro en acto de servicio resulta sobreseída malia o clamoroso do caso.

a mesma manobra, obtendo idéntico resultado. Ó facerse cargo das milicias o comandante de Infantería Luis Fernández España a situación non fixo máis ca consolidarse, polo que o máximo responsable dos Carabineiros, “se resignó a que continuasen prestando el servicio en la misma forma que lo venían haciendo, toda vez que las autoridades superiores tenían conocimiento de todo y con su silencio lo aprobaban”¹⁵.

Esta situación provocou a nivel local numerosas situacións de conflito, pois si no plano legal non ofrecía dúbidas a subordinación das milicias ós mandos militares na práctica a realidade era moito máis complexa. Os enfrontamentos víanse favorecidos por ese equilibrio numérico entre carabineiros e milicianos -que nalgúns postos acabou por inclinarse en favor destes últimos- e pola falla de efectivos en puntos especialmente complicados. Velaí os enfrontamentos entre os xefes locais de milicias na zona fronteiriza de Lobios cos responsables dos postos de Carabineiros polo control dos importantes beneficios que xeraba o abundante contrabando na zona que remataron na incoación de dilixencias pola xurisdicción de guerra. Os milicianos de Lobios conseguiran introducirse no servicio de vixilancia da zona fronteiriza correspondente ó seu concello de veciñanza aproveitando a relación de amizade do xefe local de Falanxe, o comerciante Tomás Paz Estévez, co cabo Fernando García Martín, que exercía a un tempo o cargo de alcalde e delegado militar. Como consecuencia, a permeabilidade da fronteira acabou por facerse algo máis que manifesta naquelas zonas da raia encomendadas a estes milicianos, que se aproveitaban directa ou indirectamente do tráfico clandestino de produtos coa complicidade dos carabineiros, “que no cubrían los servicios” favorecendo o paso ilegal “por un puesto de la demarcación de Lovios (sic) y precisamente por un camino habilitado a efectos de Aduanas donde no había ningún Carabinero de servicio, a pesar de que eran las once de la mañana”. Pola contra, os seus veciños de Entrimo quedaban excluídos do reparto do botín, provocando frecuentes enfrontamentos cos contrabandistas ós que disparaban “sin que acudiesen tampoco ni Carabineros ni milicianos del puesto de Lobios (...)”¹⁶.

Non se trata, nin moito menos, de casos illados. No posto de Lobeira a asignación de milicianos cubriuse inicialmente con forasteiros, facendo extensible a estes a prohibición que pesaba para os carabineiros de prestar servicio nos pobos da súa natureza e naqueles outros onde tivesen familiares dedicados a algunha industria ou negocio. A oposición do cabo ó mando a que fosen admitidos veciños deste concello provocou a intervención de certo notable local con gran predicamento entre os mandos provinciais de Falanxe e o círculo que rodeaba a Soto, “habitado a

¹⁵AGMO, dilixencias previas 725/1938, en esp. fol. 17 do que proceden as comiñas.

¹⁶AGMO, causa 1.178/1937, fol. 14a.

llevar, traer y quitar Carabineros a su antojo (...), pretestando (sic) de que si los Carabineros estaban tildados de izquierdismo y por no avenirse a sus caprichos haciendo dejación de sus deberes". Utilizando os seus contactos na capital, forzou a remoción de todos os efectivos no mes de agosto de 1937 argallando unha denuncia, ó parecer falsa, sobre a súa implicación no tráfico clandestino de persoas e mercadorías polas serras das Moas e do Laboreiro.

A partires de novembro comezou un goteo que conduciu ó reforzamento destes milicianos con outros seis procedentes de Lobeira "quienes sin más condiciones ni solicitudes que exponer sus deseos a persona influente (sic), se les entregó un fusil y se dió (sic) la orden para que prestasen servicio en el referido puesto (...) [cuando] alguno de ellos se había dedicado al tráfico del contrabando anteriormente". A victoria era dobre: non só se conseguira distanciar ós carabineiros máis reticentes a entrar na dinámica de intereses locais senón que se conseguía rachar o equilibrio inicial ó que aludimos en favor dos falanxistas. Isto era máis que o que Díaz Guevara e os seus mandos podían aturar: se na batalla anterior o primeiro se vira obrigado a aceptar os feitos consumados, agora respondeu cunha protesta oficial formulada polo responsable do posto que puña en cuestión a idoneidade dos novos compañeiros de viaxe. A oportunidade para o desquite non tardou en presentarse: por dúas ocasións consecutivas uns desertores perfectamente localizados conseguiron eludir o cerco da forza, e aínda que non se puido probar a conivencia dos milicianos con estes, o feito de que fosen da súa mesma veciñanza proporcionoulle ós mandos do posto o pretexto necesario para solicitar do capitán da Compañía o cese dos seis falanxistas-traditionalistas en xuño de 1938.

Sen embargo, os poderes locais aínda conservaban un certo marxe de manobra. Como a decisión do cese estaba avalada por unha instancia de carácter supramunicipal, non quedaba máis remedio que trasladar novamente o campo de batalla ás instancias provinciais, onde se ben a desconfianza cara os Carabineiros seguía latente en amplos sectores militares non era moito maior o predicamento do que gozaban as milicias como se tivera ocasión de comprobar coa xa comentada decisión do tribunal militar presidido por Soto respecto a J. Filgueira. Pero agora o equilibrio de forzas era meirande: o temido gobernador militar xa se atopaba confinado en Jerez de la Frontera despois do seu fulminante cese por orde directa do Caudillo, e Fernández España estaba disposto a aceptar o envite que daquela se vira obrigado a rexeitar. Este último manobrou saltándose as canles regulamentarias e ordenou ó xefe da Bandeira de Falanxe de Bande a instrucción dunha información sobre a actuación dos milicianos. Como era de agardar, os notables locais non tiveron dificultade algunha en conseguir unha morea de declaracións favorables ós milicianos de numerosas persoas de orde, incluído o xefe do posto da Garda Civil, ó

tempo que relacionaban o seu cese co escaso interese dos Carabineiros en reprimir o tráfico ilegal de produtos e o paso clandestino de persoas dun ó outro lado da raia, argumentando, ademais a súa negativa a verificar o servicio de captura de desertores “alegando que incumbía a la Guardia Civil”.

A información foi remitida directamente á xefatura de milicias da VIII Rexión Militar en A Coruña coa intención de que o coronel-xefe avalase a petición de Fernández España de que se nomease un xuíz “a fin de que, por el prestigio de ambas fuerzas, se llegue al esclarecimiento de los hechos y se deduzcan las debidas responsabilidades”. Habilmente concluía afirmando que se se apreciaba unha causa de incompatibilidade por razón de veciñanza, esta debía facerse extensiva a todos os milicianos de servicio nos seus respectivos concellos, e non atender a motivos “de carácter puramente personal”. Díaz Guevara protestou pola manobra de Fernández España por converter a un paisano, o xefe da Bandeira de Bande, “nada menos que en instructor de unas diligencias más o menos procesales” que, pola relación de subordinación no servicio e de inspección sobre o mesmo, chegaban a el mesmo na súa condición de xefe da Comandancia. A decisión do auditor de guerra concluía sen apreciar responsabilidade algunha dos milicianos, desautorizando implicitamente a medida de cese acordada. Díaz Guevara tivo que recoñecer resignadamente a fortaleza dos intereses locais á hora de condicionar a prestación dos servicios encomendados ós milicianos, que “son casi todos de pueblos fronterizos en los que se profesa gran inclinación al contrabando y tráfico de frontera, y ya sea por parentesco, amistad o vecindad, se hallan influenciados por ellos lo que les inhabilita para poder desempeñar como deben las funciones que les fueron conferidas, con perjuicio del servicio y, por lo tanto, de los intereses del erario”¹⁷. As máis das veces esta fortaleza e a propia convivencia dos gardas convertía en ineficaces a sucesivas instrucións emanadas da Delegación de Orde Pública e Inspección de Fronteiras no senso de que os capitáns das diferentes compañías procedesen á recollida do armamento e ó relevo daqueles milicianos que coa súa conducta prexudicaran a imaxe e a eficacia dun corpo ó que non se perdoaba, tampouco en Ourense, o seu compromiso coa República.

¹⁷Este mando concluía os seus argumentos en contra da organización das milicias reiterando a desmoralización que provocaban situacións como a de “un miliciano [que], en acto de servicio, delata a otro de haber robado 15.000 pesetas y de que hacía mala vida por tener abandonados a su mujer e hijos; otro de que hacía vida marital con otra mujer distinta a la suya; otro que había tenido la osadía de cobrar dinero a los vecinos de un pueblo fronterizo cuando tenía noticias de que alguno recibía encargos de los familiares residentes en Portugal, por no denunciarlos; otro que era Jefe local de falange, la Policía presentó una carta de su puño y letra, escrita en sentido comunista en fecha anterior al GMN; seis milicianos de un puesto, solicitaron dejar de prestar servicio por no poder soportar la vida con el haber de tres pesetas; otros demasiado viejos o demasiado jóvenes (...)” (AGMO, diligencias previas 725/1938, fól. 17).